

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo de operario de Obras e Servizos, incluída na OEP 2024 e nomeamento do tribunal cualificador

Pola resolución de Alcaldía núm. 86/2025 do 19-02-2025 procedeuse á aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo de operario de Obras e Servizos, incluída na OEP 2024 do Concello de Ponteceso, así como ao nomeamento do tribunal cualificador, sendo a que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS QUE PARTICIPARÁN NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS INCLUIDA NA OEP 2024 DO CONCELLO DE PONTECESO, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DO LUGAR, DATA E HORA DE INICIO DO PROCESO SELECTIVO

EXPEDIENTE: 2025/G003/000091

ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente que se tramita para prover en propiedade, mediante o procedemento de concurso-oposición, unha praza de OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS, pertencente ao cadro de persoal laboral fixo, grupo V, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2024, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 520/2024 do 20-06-2024 (BOP núm. 123, de data 27-06-2024), segundo as bases de selección que foron aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 890/2024, do 28 de outubro de 2024, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 212 do 4 de novembro de 2024, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Boletín Oficial do Estado núm. 293 do 5 de decembro de 2024, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa base 5ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía na data do 15-01-2025 ditou a resolución núm. 13/2025 aprobando a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo antes referido, que se publicou no BOP da Coruña núm. 12 do 20-01-2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na páxina web do concello, concedéndose un prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Polo exposto, concluído o devandito prazo, e non habendo reclamacións á lista provisional, segundo se fai constar no certificado de Secretaría de data 04-02-2025, de conformidade coa base 5ª das reguladoras deste proceso, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar, de conformidade coa base 5ª, a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que participarán no proceso selectivo para a provisión, en propiedade, dunha praza de operario/a de Obras e Servizos, persoal laboral fixo, grupo V, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024 deste concello:

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
1	AMADO MATO, Mª ROCIO	***6146**	NON*
2	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	NON*
3	FIGUEIRAS VIGUERET, JESUS	***6495**	SI
4	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	SI
5	MEL LEMA, ALEJANDRO	***6486**	SI
6	NEIRA ARROYO, ALEJANDRO YAMANDU	***7725**	NON*

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
7	PENA NIETO, OSCAR	***1577**	SI
8	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	SI
9	PEREZ VILLAR, MIGUEL ANGEL	***6834**	SI
10	SOAGE DOVAL, DIONISIO	***4983**	SI
11	SOUTO BERMUDEZ, MARIA JOSEFA	***1230**	NON*
12	VARELA REIGIA, LUCIANO MODESTO	***5108**	SI
13	VICENTE FERREIRO, MIGUEL MANUEL	***2633**	SI
14	VILLAR BELLÓN, JUAN JOSE	***3058**	NON*

Excluídos: Ningún

Segundo: Nomear aos membros do tribunal cualificador que vulgarán o procedemento selectivo, consonte ao establecido na bases 5ª e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

PRESIDENTE/A:

- Titular: Julia Ures Villar, funcionaria, normalizadora lingüística do Concello de Ponteceso
- Suplente: María Emilia García Maneiro, interventora en acumulación do Concello de Ponteceso

SECRETARIO/A:

- Titular: Mª José Sueiro Pose, funcionaria, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso
- Suplente: Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso

VOGAIS:

PRIMEIRO.

- Titular: Rubén Pérez Cotelo, persoal laboral fixo, condutor de vehículo de extinción de incendios do Concello de Ponteceso.
- Suplente: José Antonio López Gómez, persoal laboral fixo, auxiliar administrativo do Concello de Ponteceso.

SEGUNDO.

- Titular: Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso.
- Suplente: Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local do Concello de Ponteceso

TERCEIRO.

- Titular: Ernesto Fernando Calvo Pérez, persoal laboral fixo, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso
- Suplente: Rosario Canosa Martínez, funcionaria, traballadora social do Concello de Ponteceso

Terceiro: Fixar o xoves 27 de febreiro de 2025, ás 10:00 horas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso como data para a primeira sesión do tribunal cualificador, aos efectos da súa constitución e para o inicio do proceso selectivo para a valoración dos méritos presentados e acreditados polos aspirantes para a presente praza (fase de concurso).

O resultado da fase de concurso farase público mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal. Igualmente, neste anuncio indicárase a data, hora e lugar de realización dos exercicios da fase de oposición.

Cuarto: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como no web oficial do concello e notificar en legal forma aos membros do Tribunal.

Quinto: Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ponteceso, 19 de febreiro de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez